

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº91/ Ano: 2024 / 1º xornal Mes de xuño/ Estado de "Imos polos 100"

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Xullo de papadelas na Illa de Ons. Páx. 1

Astronomía na Illa de Ons unha magnífica actividade que ten que ir a máis.

Páx. 3



As illas do Parque Nacional galego son fonte de inspiración para os novelistas. Páx. 4

NACHO CARRERAS

MAREA MUERTA

Rocaeitorial



Anxo Cabada, no círculo, na súa páx. de Facebook apoia a idea de Musealizar o Faro de Ons. Páx. 2




Así comezaba a restauración da Fonte de Caniveliñas nos 90, s.XX. Como estará agora? Páx. 4

Seguen xurdindo adhesións para que o Faro de Ons se converta nun museo. **Salgadoiro de Suxestións** Páx. 5

Agradecemento ao condutor de subministrados do Campamento. Páx. 6

Festas de Ons 2024. Páxs. 7-8



Alvarito á pesca do percebe en Cíes. Páx. 9

Breves

- Mariscadas no Pescador de Portonovo. Páx. 1
- Salgadoiro de Suxestións. Camiño de pavicesped. Páx. 2
- Un auniense en Francia. Páx. 6
- Fotos Henningsen C. Visitantes. Páx. 6
- Castro dos Mouros – Herpetólogos – Equipo de mantemento. Páx. 9
- Faro de Ons. Páx. 10



DE PAPADELA EN PAPADELA

Vaia mes de xullo na Illa, non saíamos dela!!! Se non era mariscada por un lado, era churrascada polo outro; mesmo mandabámoslle un sargo ao forno, como preparabamos un polbo á grela. E así todos os días, menos mal que, co que andabamos, o corpo non colleu volume.

Aquí, nas fotos da esquerda, vemos ao asador Tomás, coa axuda de Pepe de Pepucho, preparando un cabrito e uns paspallás criados na casa. E, arriba na dereita, saboreando unhas magníficas navallas, uns dicían que de Albacete, outros que de Taramundi,..., pero segundo parece eran dos mares da ría de Vigo, coas que nos agasallaron os amigos navalleiros de Cangas.

Todo un magnífico mes de xullo gastronómico na Illa de Ons.



RESTAURANTE "O PESCADOR" DE PORTONOVO

Seguindo con temática gastronómica, o outro día acheguei-me ata o restaurante "O Pescador" en Portonovo, que rexenta o noso querido amigo Camawuaiano Alex. Cando dende beiramar dispoñíame a subir cara á porta de entrada ao comedor, reparei no Menú que, a modo de carta, ten na entrada e, mira que pasei veces por alí e non me decatara, infórmanos sobre os compoñentes das diferentes mariscadas que ofrece.

Estiven un tempo mirando para elas, e que queren que lles diga, e non porque a miña illa sexa Ons, pero coido que ten os mellores ingredientes.

Vos diredes, cada un ten os seus gustos, pero coido que Ons gana por goleada.

Se ídes, bo proveito!!!





ANXO CABADA

Gran mestre e excelente fotógrafo, presidente do Ateneo Atlántico de Vigo,..., e que realizou, xunto a Antón Davila, o documental sobre “A última Dorna de Ons e a Pesca Tradicional do Polbo”, aproveitando que se celebraba o **Día dos Faros**, na súa páxina de Facebook, quixo apoiar a proposta da Asociación de Ons: PineirÓns, e as de Bueu: Liboreiro, Anduxía e Os Galos, que, xunto cos veciños de Ons e particularmente Tinón, reivindicaron que o **Faro de Ons** se converta nun **Museo dos Faros, dos Fareiros e dos Naufraxios**, con estas palabras:

“FARO DE ONS, CATEDRAL MARIÑA

Cando viaxamos queremos coñecer a historia do lugar, visitar os seus monumentos, percorrer as paisaxes cercanas, confundirnos coas súas xentes.

Cando visitamos unha illa queremos coñecer o seu faro, a súa catedral mariña.

Os faros están cheos de historias, de vidas, de naufraxios, de viaxes, de memorias das mareas. No Día Mundial dos Faros, o Faro de Ons ten que seguir a ser unha memoria viva, onde poidamos ver a súa historia, onde se deben gardar as aventuras do gran ciclope da Ría, e permitir os seus visitantes viaxar polos mares e tesouros agochados de Ons.”

Moitas grazas Anxo polo teu apoio!!!

Foto: Anxo Cabada.



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Con referencia á nova do anterior Onstopus que falaba do Camiño de Servizo de Curro, un lector comenta o seguinte: “A semana pasada estiven na illa e puideron ver ese camiño que dende a Praia das Dornas vai ata detrás da igrexa de Curro, enlazando no camiño que vai cara a Melide.

Non sei se te fixaches ben, pero o ancho do que chaman <pavicesped> é o xusto para que por el circule un tractor ou coche. Se como din, ese novo arranxo é para desconxestionar o espazo de servizos de Curro e por el van a subir e baixar eses vehículos, como non teña un maior ancho ou poñan un semáforo, non sei como van facer cando un suba e outro baixe.

Ganas de facer mal as cousas...”

Prezado lector, comparto a túa opinión, pero ata que non estea rematado, non quero aventurarme a opinar. Os técnicos saberán o que fan. Grazas

O Parque este ano entregáballes aos participantes da actividade astronómica, unha fotografía de grupo. A cambio reenchían un cuestionario sobre as súas percepcións desta actividade.



A astrónoma Starlight "Marta", fotografando a Lúa e algúns planetas dende Curro (Ons).



28 JULIO 2024:

OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA ISLA DE ONS



A Lúa fotografada por Marta.



OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA EN ONS

Ao longo dun bo número de Onstopus, durante o inverno e na primavera, propuxen, a modo de suxestión, que os responsables do Parque programasen actividades a realizar en Ons e ofertalas por diferentes medios, co fin de que as persoas que tiñan pensado viaxar no verán a este arquipélago, planearan a súa viaxe tendo en conta a oferta de actuacións ás que poderían acudir segundo o seu interese e así solicitar e reservar con tempo o permiso de visita, billete de barco e buscar aloxamento para a súa estancia en Ons no caso de que as actividades así o aconsellaran.

Pois ben, unha das actividades que considero interesantísima e a de **Observación Astronómica** que, como xa explicamos noutra ocasión, comezou como unha actividade programada polo Cárping de Ons e que, en nada, constitúe unha atraínte práctica a levar a cabo nas illas do Parque Nacional.

Este ano os responsables do Parque decidiron que o Starlight fose unha actividade case diaria en Ons e, segundo os seus responsables, resultou un enorme éxito considerándoa unha experiencia moi interesante.

Comentar que estes astrónomos contan cun telescopio portátil dos máis potentes do mercado a nivel mundial.

Tanto polo miña parte como dende a Asociación PineirÓns animamos ao Parque a continuar con esta actividade en anos sucesivos tanto en temporada como fóra dela e que sexa programada e anunciada con tempo.

Fotografías cedidas polo Parque Nacional.

Actividades do Parque Nacional

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS *Fonte de Caniveleñas*

Esta suxestión está relacionada cunha nova saída en Onstopus despois do verán de 2023, onde falaba das obras que se estaban realizando na fonte de Caniveleñas e que provocaron un importante amoreamento de cascallos, comentando que esperabamos que eses restos non acabaran no cantil. Este lector fainos chegar esta suxestión: “... cuando bajé del castro por la zona oeste junto al acantilado y al llegar a la vertiente que baja a la fuente de Caniveleñas, me encontré con que estaba cerrada y la fuente llena de maleza. Me atreví a bajar para refrescarme y mi sorpresa fue que la fuente ya no existía. Resulta que en las fuentes de Ons con sus lavaderos, no recomiendan que se beba su agua y justamente la de Caniveleñas, con una excelente agua, ahora no se puede utilizar, y estamos en un Parque Nacional...”

Prezado lector, grazas polo teu comentario xeral. No que respecta a este punto, sinto non poder contestarche como debería pois, ao dicir verdade, este verán non me acheguei a ese lugar e non sei como está a fonte e se retiraron os entullos.


Persoalmente penso que a obra que realizaron nesa fonte para abastecer de auga a uns depósitos que instalaron en Chan da Pólvora e que á súa vez servirán para paliar calquera falla de auga que xurda na Illa, foi unha boa idea. O que si estou de acordo contigo é que poderían deixar unha billa para que as persoas que practican sendeirismo ou que simplemente pasean por esas corredeiras preto do cantil, teñan unha fonte para refrescarse e encher as súas botellas. Como ben dis, esa fonte, xunto coa do Gaiteiro e a de Melide, son as que teñen a mellor auga da illa. Cando comprobe que non se pode utilizar esa fonte, comunicareino ao Parque para que busque unha solución.



Fotos enviadas polo lector, onde se ve a zona acoutada e o espazo da fonte un pouco asilvestrada.



Fotos expostas no seu momento e que demostran o estado no que se atopaba a fonte de Caniveleñas no momento de comezar o seu arranxo no 2023.



NOVO LIBRO QUE ESTÁ CENTRADO EN ONS

José Manuel Dopazo Entenza, xa no mes de xuño deste ano, pasoume esta nota dun novo libro de relatos, de terror sobre todo porque un deles se desenvolve na Illa de Ons.

De novo quero volver a recalcar a importancia que tería o dedicar un día, ou unha semana, tanto en Vigo na sede central do Parque, como despois nas diferentes illas que o conforman, un Día ou Semana do Libro de Ons, de Cíes, de Sálvora ou de Cortegada, onde se podería facer unha Exposición de todo o material que haxa sobre a Illa en cuestión: libros, traballos, mapas, unidades didácticas,... e películas, documentais, gravacións,... Sería unha actividade moi activa e que se podería montar con andainas, charlas e presentacións.



ONS NA MEMORIA

Nesta foto de principios dos anos 90 s.XX de Varu Camaway. Nela vemos a Zona de Acampada Nudista de Camawei, en perfecto estado de revista, á sombra dos eucaliptos, que agora desapareceron, deixando un cambio tremendo nesa zona natural.

Agora os nudistas, persoas, case desapareceron e Parques converteu ese territorio en Zona Nudista de Arborado.

Gustaríanos saber a opinión dos ecoloxistas sobre como se levou a cabo esa corta e sobre a posible reforestación da zona.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS (nudismo, faro, arqueoloxía,...) (16/08/2024)

Un lector de Onstopus e que nos seus tempos visitaba a illa a miúdo, sendo tamén un dos pioneiros do nudismo en Melide, escribe unha longa carta da que quero sacar algunhas notas:

"... recordas que en Melide non había ninguén e iamos a bucear alí e logo tomabamos o sol en bolas... logo comezaron a chegar campistas e despois de que pecharan Cíes ao campismo libre, viñeron en tromba a Ons... como dis nesta publicación dixital a acampada de Ons foi pioneira en Galicia como nudista... agora problemas en Barra e Viñó,... o que máis me chama a atención e que os de bañador din que poden convivir ben cos nudistas, que non se molestan uns aos outros, que cara teñen, convivir en praias nudistas si, pero imaxinas, agora que ti vives próximo a Sanxenxo, que varios nudistas utilizaran a praia de Silgar para despelotarse, a guerra sería peor que cando foi en Baroña e Telmo iría a desaloxalos en persoa..."

...non podo ir a Ons para firmar nese documento para que o faro se converta nun museo, pero se coidas que algo podo facer, non dubides en dicirme. Liches os conflitos polo faro de Silleiro entre Oia e Baiona? Parece o mesmo como cando un concelleiro de Sanxenxo presentou alegacións pola titularidade de Ons que dicía que pertenceu a Sanxenxo alá polo 1800... o peor é que ese hotel vai ser exclusivo para catro capitalistas que podan pagar unha noite alí, só hai que mirar os prezos dos Semáforos de Fistera e Bares, do de Lariño, de Pancha,..."

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/vigo/baiona/2024/08/15/informe-pericial-atribuye-oia-faro-cabo-silleiro-vez-baiona/0003_202408V15C5996.htm

<https://www.farodevigo.es/comarcas/2024/08/18/oia-ira-tribunales-recuperar-cabo-107100094.html>

... quero darte na noraboa pola reivindicación que durante anos levaches para conseguir que se fixeran escavacións arqueolóxicas na illa, por fin despois de moitos anos, están facéndose e parece que moi frutíferas..."

Moitas grazas pola túa carta que me trae moitos recordos daqueles principios dos anos 80 s.XX en Ons. Non vou facer ningún comentario ás túas letras, xa que están máis que explicadas nestes 90 números de Onstopus.





Chamoume a atención esta tira de humor, saída no Faro de Vigo, do noso querido amigo Gogue. Parece como si estivera de visita por Ons e escoitara a un coñecidísimo veciño auniense que a finais de xullo deste ano foi de excursión a Francia a visitar a unha tal “Lourdes”. Despois dun par de días alí e xa de novo en Ons, cando se atopaba sentado a carón da mesa da partida, dixo, nunha mestura de galego-francés: “- Por favor rapaz, tráeme un acuarié, de limoné e moi fresqué”. Todos quedamos abraiados!!! Tres días en Francia e xa dominaba o idioma.

ESTADO DOS CAMIÑOS E AGRADECIMENTO VECIÑAL

Hai xa un tempo que os veciños dos barrios de Canexol e Pereiró queíxanse do estado do camiño que, dende onde rematan as rodeiras, vai ata o Campamento da Xunta.

Nestes últimos anos e por mor das obras de soterramento do tendido eléctrico, co paso dos coches e tractores, levántase un polvo enorme no verán que trae como consecuencia o non poder airear a casa e menos poñer roupa a secar.

Chegaron a comentalo a Parques e como a situación seguía igual, puxeron pancartas nas vivendas pedindo o seu arranxo e que os condutores moderaran moito a velocidade para evitar ese importante problema.

Agora queren mostrar o seu **AGRADECIMENTO** porque este verán, Manolo, o condutor do vehículo de subministros do Campamento, ao rematar as rodeiras e circular polo barrio de Pereiró, facíao a unha velocidade máis que lenta, evitando ese problema de polvo que xa leva máis de dous anos.

Esperemos que este novo curso a nova Directora Xeral de Patrimonio Natural, cumpra as promesas que a anterior non cumpriu, e todo o prometido, entre o que están o arranxo definitivo dos camiños de Ons, sexan unha realidade.

Foto: Cedida por Álvaro, felicitando ao condutor do Campamento polo seu respectuoso proceder durante esta tempada.



FOTOS DE GUSTAV HENNINGSEN NO CENTRO DE VISITANTES DE ONS

Ao ter coñecemento do falecemento de Gustav Henningsen, en Onstopus propuxemos que o Parque Nacional e o Museo do Pobo Galego, onde está depositado o seu traballo fotográfico, mantiveran unha reunión de traballo co fin de levar a cabo unha Exposición desas fotos sobre Ons e que paralelamente se organizaran unhas charlas e conferencias sobre o traballo, referente a Ons, que realizou este autor: <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/76/onstopus-76.pdf>

Coidabamos que sería ser moi interesante e podería realizarse no inverno no Centro de Interpretación de Vigo e no verán en Ons. A pequena exposición que atopamos no Centro, queda un pouco pobre, xa que as fotos son moi reducidas, non hai ningunha explicación sobre cada unha e non se organizou ningún acto para ter un mellor coñecemento do autor. Esperemos que o Parque organice algunha actividade sobre el o próximo ano.

Festas 2024 na Illa de Ons (I)



FESTAS ONS 2024

17 AGOSTO
Xogos populares pola tarde

22.00 h Concerto co grupo LA MOSCA VALIENTE, seguido da actuación de OSCAR DJ

18 AGOSTO
Pola mañá ruada coa charanga Os Imperiais

12.00 h Homenaxe veciñal ás persoas maiores no cemiterio

12.30 h Homenaxe veciñal aos fareiros

13.00 h Oficios relixiosos na honra de San Xaquín

VECIÑANZA DE ONS
ASOC. VECIÑ@S E AMIG@S DE ONS
PARROQUIA DE ONS

Cartel anunciador da Festa 2024



Baile do sábado noite en Curro. O cheo era total. Amenizado polo grupo "La Mosca Valiente" e Óscar o DJ.



O grupo **Chichirichanga**, despois de amenizar no barco de pasaxe a viaxe de Bueu á Illa, foi o primeiro en actuar en Curro. Neste grupo hai bos coñecidos de Ons como Mallo, Nene, Antonio e Chayanne.

Emotivo acto de homenaxe aos maiores aunienses que tivo lugar no cemiterio xunto á capela. Josecho, párroco de Bueu-Beluso e polo tanto tamén de Ons, tomou inicialmente a palabra, para logo escoitar unhas letras dedicadas a Ons e a súa comunidade veciñal por parte da escritora de Miriam Ferradáns.

Rematou o acto María, a Presidenta veciñal, recordándolle á Xunta que as casas son dos veciños, que a pequena capela de Canexol necesita unha reparación axiña e finalizou pedindo que o Faro non pase a mans privadas e que se converta nun Museo.



Despois do acto no cemiterio, e acompañados da charanga "Os Imperiais" que foron tocando todo o camiño, volvemos de novo a Curro para seguir coa programación.



Estaba programado homenaxear aos Fareiros por mor da automatización do Faro e desaparecer estes emblemáticos técnicos, pero problemas de última hora provocou que quede posposta para o ano que vén. No seu lugar a homenaxe foi dedicada a Ricardo, concelleiro de deportes de Bueu, e a Alex, compositor da canción sobre Ons.

Festas 2024 na Illa de Ons (II)





Castro dos Mouros en Canexol

Penso que, con moi bo criterio, os responsables do Parque evitaron, na medida do posible, a visita a este xacemento durante este verán, refírome de xeito guiado. O motivo era o evitar o seu deterioro, despois das últimas escavacións deste ano 20evitar24 e a súa posterior consolidación que está a piques de rematar. Coido que podería ser un bo punto de actividades para o inverno.



Máis Actividades en Ons durante o verán

O domingo da Festa de Ons, atopeime con este grupo de persoas. Despois de crer que era unha nova cuadrilla de mantemento, sacáronme do erro, son *Herpetólogos*, investigadores que están a facer un seguimento de anfibios e réptiles na Illa. Interesante actividade que agradecemos, pois todo o que sexa saber máis sobre a vida natural de Ons, hai que admirala e axudala.



O "Marie", este precioso buque tradicional, coido que francés, visita a illa todos os anos por estas datas.

EQUIPO DE MANTEMENTO E DESBROCE NA ILLA DE ONS

Como sempre dixen, tanto os traballadores oficiais do Parque como os diferentes equipos que anualmente polo verán acoden a Ons a traballos de mantemento, teñen a miña aprobación con respecto ao traballo realizado, que todo hai que dicilo, é ímprobo despois dos duros invernos meteorolóxicos que sofre a illa. Este ano, a maiores, esta cuadrilla, polo traballo que realizaron e seguen realizando, recibiu as felicitacións de moitos veciños e visitantes, polo seu labor, que tamén haberá que agradecer aos técnicos e gardas forestais que, supoñemos, organizan e programan o seu traballo. Parabéns polo seu traballo.



PESCA DO PERCEBE EN FAMILIA

Aquí temos a Alvarito na <Pinela de Carabelos> nas Cíes, traballando ao percebe coa axuda da súa filla, que o ten ben amarrado. Oficio moi perigoso, para que os turistas poidan degustar este manxar. Canto tería que valer!!!

FARO da ILLA de ONS

CÍCLOPE SOBRE O ATLÁNTICO

Cumpriu e cumpre o seu cometido de axuda á navegación. Pero non se xubilou, e a carón de seguir alumeando e avisando aos homes e mulleres do mar, quere ter unha función didáctica, polo que está pedindo a berros a súa reconversión como **MUSEO** dos **Faros**, dos **Fareiros** e dos **Naufraixios**.

Axudémoslle a conseguilo!!!

